

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Modificación das bases de selección para a presentación das ofertas de emprego_Proceso de selección de persoal e alumnado_Obradoiro de emprego "PAZO DE RIANXIÑO"

ANTECEDENTES

O día 13/10/2022 aprobei mediante a Resolución da Alcaldía núm. 831/2022 as bases de selección para o persoal do equipo directivo, docente e administrativo de apoio e do alumnado traballador do Obradoiro dual de emprego "PAZO DE RIANXIÑO".

O día previsto de inicio do proxecto mantense o 02/11/2022 a pesar da solicitude da prórroga de inicio que se presentou perante a Xefatural Provincial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e que foi rexeitada.

FUNDAMENTACIÓN

Debido á urxencia da realización do proceso de selección e co ánimo de garantir a idoneidade das persoas aspirantes que participen nel, tendo en conta que non será posible solicitar unha ampliación da listaxe recibida inicialmente, parece axeitado establecer para o equipo directivo, docente e administrativo de apoio un tempo mínimo de experiencia das persoas aspirantes.

Por outra banda, para garantir que as persoas encargadas da docencia como son titor-a, mestre-a de xestión empresarial e mestre-a da especialidade seleccionadas desenvolvan o seu cometido co máximo aproveitamento para o alumnado, fin último do programa, considero necesario establecer que dispoñan de competencia docente.

Por iso, no momento de realizar as ofertas de emprego para presentar no Servizo Público de Emprego de Galicia, atopamos que a información incluída nas bases aprobadas non é suficiente para que no dito servizo poidan realizar as sondaxes ao indicar erroneamente aspectos como a oficina de emprego que tramitará os ofertas, e ao non recoller a experiencia mínima esixida, a competencia docente, o número máximo de persoas aspirantes, as datas da selección ou a titulación requirida para a persoa docente da especialidade.

Así considero necesario completar o recollido nas bases inicialmente aprobadas coa indicación dos aspectos antes sinalados.

De acordo co indicado, e no uso das atribucións dispostas no artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 448.629 exp. 2022/E001/000012

PRIMEIRO

Modificar as bases de selección inicialmente aprobadas no punto "1.- Normas xerais":

Onde di:

"Publicidade das fases do proceso: ...

O Concello de Rianxo remitirá as ofertas de emprego correspondentes aos diferentes postos á Oficina de Boiro do Servizo Público de Emprego de Galicia..."

Debe dicir:

"Publicidade das fases do proceso: ...

O Concello de Rianxo remitirá as ofertas de emprego correspondentes aos diferentes postos á Oficina de emprego Santiago Centro do Servizo Público de Emprego de Galicia..."

SEGUNDO

Modificar as bases de selección inicialmente aprobadas no punto "4.- Procedemento de selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio":

Onde di:

"Convocatoria: para levar a cabo o procedemento de selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio presentaranse as correspondentes ofertas de emprego (oferta de tipo A ordinario) no Servizo Público de emprego de Galicia, na súa oficina de Boiro..."

Debe dicir:

"Convocatoria: para levar a cabo o procedemento de selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio presentaranse as correspondentes ofertas de emprego (oferta de tipo A ordinario) no Servizo Público de emprego de Galicia, na súa oficina de Santiago Centro..."

TERCEIRO

Modificar as bases de selección inicialmente aprobadas no punto "2. Requisitos mínimos" do Anexo I_ESPECIFICACIÓNS DE CADA POSTO para o posto de "Director-a":

Onde di:

"2. Requisitos mínimos:

Titulación: licenciatura en Administración e Dirección de Empresas, Grao en Administración e Dirección de Empresas, Grao en Ciencias Empresariais, Grao en Administración de Empresas, Grao en Dirección e Administración de Empresas..."

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 448.629 exp. 2022/E001/000012

Debe dicir:

"2. Requisitos mínimos:

Titulación: licenciatura en Administración e Dirección de Empresas, Grao en Administración e Dirección de Empresas, Grao en Ciencias Empresariais, Grao en Administración de Empresas, Grao en Dirección e Administración de Empresas.

Experiencia mínima de 24 meses..."

CUARTO

Modificar as bases de selección inicialmente aprobadas no punto "2. Requisitos mínimos" do Anexo I_ESPECIFICACIÓNS DE CADA POSTO para o posto de "Mestre-a de especialidade":

Onde di:

"2. Requisitos mínimos:

- Nivel académico: o establecido no RD 1375/2008, de 1 de agosto, que regula o certificado de profesionalidade de **Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes**.
- Experiencia profesional: a establecida no RD 1375/2008, de 1 de agosto, que regula o certificado de profesionalidade de **Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes**.
- Experiencia e/ou formación en metodoloxía didáctica..."

Debe dicir:

"2. Requisitos mínimos:

- Nivel académico: Enxeñeiro Agrónomo ou Enxeñeiro de Montes ou Grao equivalente; Enxeñeiro Técnico Agrícola ou Forestal ou Grao equivalente; Certificado de profesionalidade de nivel 3 da familia profesional Agraria e da área profesional de xardinería.
- Experiencia profesional: 12 meses.
- Competencia docente: experiencia e/ou formación en metodoloxía didáctica..."

QUINTO

Modificar as bases de selección inicialmente aprobadas no punto "2. Requisitos mínimos" do Anexo I_ESPECIFICACIÓNS DE CADA POSTO para o posto de "Titor-a":

Onde di:

"2. Requisitos mínimos:

TITULACIÓN: licenciatura en Psicopedagogía, licenciatura en Pedagogía, Grao en Pedagogía..."

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

Debe dicir:

"2. Requisitos mínimos:

TITULACIÓN: licenciatura en Psicopedagogía, licenciatura en Pedagogía, Grao en Pedagogía

Competencia docente: CAP...

Experiencia mínima de 12 meses..."

SEXTO

Modificar as bases de selección inicialmente aprobadas no punto "2. Requisitos mínimos" do Anexo I_ESPECIFICACIÓN DE CADA POSTO para o posto de "Mestre-a de xestión empresarial":

Onde di:

"2. Requisitos mínimos:

TITULACIÓN: diplomatura en Ciencias Empresariais, Diplomatura en Relacións Laborais, Grao en Ciencias Empresariais, Grao en Relacións Laborais, Grao en Relacións Laborais e Emprego, Grao en Relacións Laborais e Ocupación, Grao en Ciencias do Traballo, Relacións Laborais e Recursos Humanos..."

Debe dicir:

"2. Requisitos mínimos:

TITULACIÓN: diplomatura en Ciencias Empresariais, Diplomatura en Relacións Laborais, Grao en Ciencias Empresariais, Grao en Relacións Laborais, Grao en Relacións Laborais e Emprego, Grao en Relacións Laborais e Ocupación, Grao en Ciencias do Traballo, Relacións Laborais e Recursos Humanos

Competencia docente: CAP...

Experiencia mínima de 12 meses..."

SÉTIMO

Modificar as bases de selección inicialmente aprobadas no punto "2. Requisitos mínimos" do Anexo I_ESPECIFICACIÓN DE CADA POSTO para o posto de "Administrativo-a":

Onde di:

"2. Requisitos mínimos:

TITULACIÓN: Técnico-a Superior en Administración e Finanzas ou equivalente..."

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 448.629 exp. 2022/E001/000012

Debe dicir:

"2. Requisitos mínimos:

TITULACIÓN: Técnico-a Superior en Administración e Finanzas ou equivalente

Experiencia mínima de 36 meses..."

OITAVO

Presentar na Oficina de Emprego de Santiago Centro as ofertas de emprego do persoal directivo, docente, administrativo de apoio e alumnado traballador o día 19/10/2022.

NOVENO

O grupo de traballo xa nomeado para a realización deste proceso será quen de determinar as cuestións que sexan necesarias para o correcto funcionamento deste e decidirá sobre aqueles aspectos que sexan precisos na relación co Servizo Público de Emprego de Galicia para a consecución dos obxectivos do proceso como poden ser o establecemento das datas de realización das sondaxes, realizacións das entrevistas e presentación da documentación xustificativa dos méritos...

Asinado en Rianxo por medios electrónicos polo alcalde, Adolfo Muíños Sánchez, do que eu, Patricia Sánchez Castelo, como secretaria, e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (RD 128/2018, do 16 de marzo).